

MANIFESTO DE SOLIDARIEDADE CON OS ACTIVISTAS CURDOS REPRESALIADOS

Perante a decisión de decretar e manter a prisión provisória para Hokman Joma, o activista curdo que hai uns días lanzou un zapato contra a comitiva do primeiro ministro turco na súa visita oficial a Sevilla, as organizacións abaixo asinantes expresan:

1. A súa preocupación polo uso e abuso da prisión provisória como medida desproporcionada e represiva, que infrinxe mesmo a doutrina que sobre o dereito à liberdade promulgou o Tribunal Constitucional.
2. O seu rexeitamento da decisión xudicial de adoptar como medida o ingreso en prisión de quen supostamente pudo cometer unha falta (mínima sanción penal posíbel) e en grao de tentativa (mínimo grao de punibilidade posíbel).
3. A súa repulsa polo uso da forza despois da detención por parte dos guarda-costas do primeiro ministro turco, que à fecharon a boca e dobraron o naris a quen xa fora reducido e detido pola Policía Nacional, no que constitui un atentado directo contra a integridade moral e a liberdade de expresión.
4. A súa consternación pola aplicación da doutrina penal do “inimigo” aos disidentes políticos e aos activistas pro-dereitos humanos, exemplo claro no presente caso, en que se castiga en base à condición da persoa protagonista dos feitos e non en base ao seu comportamento.
5. A súa indignación perante a subserviencia das decisións xudiciais diante de intereses marcadamente políticos e diplomáticos, afastando-se de criterios xurídicos e de xustiza material.

Por último, esiximos o estrito respecto ao Estado de Dereito e, en especial, aos dereitos constitucionais dos que Hokman Joma debe gozar ao igual que calquer outro cidadán e independentemente da súa orixe étnica.